



Decembro 2008

Boletín nº2

## NOVAS:

Novos importes de exención de clasificación nos contratos de obras (páx. 3)

## ARTIGOS DE INTERESE:

“O concurso de acredores como causa de resolución nos contratos das Administracións Públicas” (páx. 4)

## OUTROS DESTACADOS:

Informes da Junta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado.....2

Boletíns e Diarios Oficiais.....5

Informes doutros órganos consultivos...6

## NOVAS DA UNIÓN EUROPEA

### *A Comisión Europea inicia un procedemento de infracción contra España polo réxime de modificación de contratos da lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público*

A Comisión Europea considera que o réxime de modificación dos contratos con posterioridade á súa adxudicación, tal como está regulado na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, non está en consonancia cos principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia derivados do artigo 2 da Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 31 de marzo de 2004 sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministración e de servizos, e dos artigos 12, 43 e 49 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Para a Comisión a Lei 30/2007 outorga aos órganos de contratación un amplo poder para modificar condicións esenciais dos contratos públicos con posterioridade á súa adxudicación, sen que as condicións para o seu modificación fosen previstas nos documentos do contrato de xeito claro, precisa e inequívoca.

Así mesmo, declara que esta norma interna permite o órgano de contratación recorrer a procedementos negociados sen publicación en circunstancias distintas das establecidas no artigo 31 da Directiva 2004/18/CE.

Por tales motivos a Comisión Europea decidiu o pasado 26 de novembro remitir a España un ditame motivado en relación coas normas sobre a modificación dos contratos con posterioridade á súa adxudicación da Lei 30/2007.

O ditame motivado constitúe a segunda fase do procedemento de infracción conforme ao artigo 226 do Tratado CE. Se non recibe unha resposta satisfactoria no prazo de dous meses, a Comisión podería remitir o asunto ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.

Fonte: Prensa UE

### *Carta de emprazamento o Reino de España por infracción da Directiva nos procedementos de recurso en materia de contratación pública*

Bruxelas envía unha carta de emprazamento a España na que lle pide información sobre como cumpriu unha sentenza de 3 de abril de 2008 do Tribunal de Luxemburgo sobre os procedementos de recurso no ámbito da contratación pública.

O TXUE condenou a España por non establecer un período obrigatorio para que a autoridade adxudicadora notifique a decisión de adxudicación do contrato a todos os licitadores e ao non establecer un prazo de espera

obrigatorio entre a adxudicación do contrato e a súa celebración.

Segundo as autoridades españolas, o novo sistema español de procedementos de recurso no ámbito da contratación pública, rexido pola Lei 30/2007 sobre contratos do sector público dende o 30 de abril de 2008, cumpre plenamente as esixencias da lexislación comunitaria. Non obstante, a Comisión "aínda ten dúbidas sobre se este novo sistema

de procedementos de recurso garante efectivamente a existencia dun prazo entre a adxudicación e a celebración do contrato que proporcione aos licitadores non seleccionados os elementos necesarios para poder recorrer a decisión de adxudicación".

Se as explicacións das autoridades españolas non convencen a Bruxelas, o Executivo comunitario podería pedir ao Tribunal de Luxemburgo a imposición dunha multa por incumprimento de sentenza.

## PRESENTACIÓN DA PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE GALICIA ÁS ENTIDADES LOCAIS



A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza presentaron durante o mes de outubro e novembro a Plataforma de contratación pública de Galicia ás entidades locais.

Neste período son xa dezaioito os concellos que se teñen incorporado á Plataforma, atopándose nestes intres en proceso de alta outros tantos.

Os concellos xa dados de alta son:

A Lama, Arbo, Baralla, Bóveda, Castro Caldelas, Cesuras, Lugo, Miño, Mondariz-Balneario, O Corgo, Paradelas, Pazos de Borbén, Rodeiro, Santiago de Compostela, Sarria, Tomiño, Vilasantar e Xove.

Entre os servizos que presta a Plataforma, un dos máis valorados polas entidades locais é o de poder contar, xa no seu perfil, cun dispositivo que, en cumprimento do disposto no artigo 42.3 da Lei de Contratos do Sector público permita acreditar, de xeito fidedigno, o inicio da difusión pública da información que se incorpora na web.

[www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)

## Novas na web da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia



Durante este último mes no apartado de NOVIDADES da web da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa (ubicada en [www.economíafacenda.org](http://www.economíafacenda.org)) engadiuse o día 4 de decembro unha referencia o novo importe na esixencia de clasificación dos contratos de obras establecido na Disposición Adicional sexta do Real Decreto-Lei 9/2008, polo que se crean un Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a dinamización da Economía e o Emprego (publicado no BOE o 2/12/08).

Así mesmo, coa finalidade de ampliar a súa difusión a todos os interesados na materia da contratación pública, colgouse na web o Boletín nº 1 do mes de Novembro.

A maiores, e como se indicou dende a súa creación, dende a web poderán ser consultados todos os informes, ditames, acordos, recomendacións e instrucións que se emitan, unha guía sobre o procedemento a seguir para solicitar informes e datos sobre a súa organización, composición e funcionamento. Terase, así mesmo, acceso a unha base de normativa actualizada en materia de contratación pública (autonómica, estatal e comunitaria) e a asuntos de interese para a xestión procedimental (índices mensuais de prezos, tipo legal de xuro de demora, listado das empresas con prohibición de contratar ou a clasificación estatística dos contratos públicos (CPV e CPA).

## ÚLTIMOS INFORMES DA JUNTA CONSULTIVA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DO ESTADO



*Informe 23/08, de 29 de setembro de 2008. Falta de competencia da Junta Consultiva de Contratación Administrativa. Consideracións sobre a admisión ou rexeitamento de proposicións reguladas no artigo 84 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas».*

Pódese consultar en:

<http://www.meh.es/Documentacion/Publico/Patrimonio/Junta%20Consultiva/informes/Informes2008/Informe%2023-08.pdf>

*Referencia ao acordo da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, do 15 de decembro de 2008 polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares para os contratos de obras axustados ao disposto en Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e aproba créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento.*

O pasado 2 de decembro publicouse no BOE o Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego.

O Fondo Estatal de Investimento Local ten por obxecto aumentar o investimento público no ámbito local mediante o financiamento de obras de nova planificación e execución inmediata a partir de comezos do 2009 e que sexan competencia das propias entidades locais.

**Na Disposición adicional sexta, referida á esixencia de clasificación, literalmente se di:** “A partir da entrada en vigor deste Real Decreto-Lei, non será esixible a clasificación nos contratos de obras de valor inferior a 350.000 euros”

Do exposto cabe indicar que, respecto o contrato de obras cambia o réxime de transitoriedade previsto na LCSP na súa Disposición Transitoria 5ª que pospoñía a entrada en vigor dos novos importes de exención de clasificación a un posterior desenvolvemento regulamentario.

Respecto á contratación a realizar polos Concellos en obras financiadas por estes fondos, o Real Decreto-lei 9/2008 prevé as seguintes **especialidades no procedemento:**

1. A contratación das obras financiadas terá a consideración de urxente aos efectos previstos no artigo 96 da Lei de Contratos do Sector Público

2. En todo caso, a adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días naturais, contados dende que finalice o prazo de

presentación de proposicións (si para a adxudicación se sigue un procedemento aberto, restrinxido ou negociado con publicidade), e dende que se soliciten ofertas (si é negociado sen publicidade).

3. O prazo para elevar a definitiva a adxudicación provisional será de 5 días hábiles

4. Nestes contratos deberá asegurarse, mediante a inclusión dunha cláusula que estableza unha condición especial de execución (artigo 102 de la Lei de Contratos del Sector Público), que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución das obras se atope en situación de desemprego.

TEXTO ÍNTEGRO DO REAL-DECRETO LEI:  
<http://www.boe.es/boe/dias/2008/12/02/pdfs/A48125-48130.pdf>

**Acordo da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, do 15 de decembro de 2008 polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares para os contratos de obras axustados ao disposto en Real Decreto-Lei**

TEXTO ÍNTEGRO DO ACORDO DA XCCA:  
<http://www.meh.es/Documentacion/Publico/Patrimonio/Junta%20Consultiva/informes/Informes2008/Expte%2075-08%20%20Acuerdo%20sobre%20modelos%20de%20pliegos%20RDL%209-2008.pdf>

---

**Real Decreto-Lei 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego**

## ARTIGOS DE INTERESE

### “O CONCURSO DE ACREEDORES COMO CAUSA DE RESOLUCIÓN NOS CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS”

A Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (a partir deste momento LCSP), introduce escasas novidades en relación coa incidencia das situacións concursais respecto da lexislación anterior, sen prexuízo das necesarias adaptacións ao novo sistema establecido en la vixente Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, e en particular, as esixidas pola desaparición das figuras da quebra e a suspensión de pagamentos.

*A LCSP continúa tipificando unha serie de supostos nos que o empresario, a pesar de gozar de plena capacidade de obrar e solvencia, non vai poder concorrer á contratación pública por acharse incurso en prohibición ou incompatibilidade.*

*O establecemento dunha relación de prohibicións de contratar coas Administracións Públicas conta cunha longa tradición no noso ordenamento xurídico-administrativo, réxime que se completa agora, como consecuencia da pertenza de España á Unión Europea, coa regulación contida nas Directivas de contratos -actualmente no art. 45 da Directiva 18/2004 CE- dunha serie de circunstancias que, ben preceptivamente, ben a criterio de cada Estado, permiten excluír certos operadores económicos da licitación de contratos públicos. Trátase de asegurar a honorabilidade profesional de quen vai quedar vinculado contractualmente coa Administración Pública, contemplando situacións en que, mesmo malia non existir sanción penal ou administrativa, a conduta do suxeito implica un risco para o tráfico xurídico-público que debe ser evitado.*

Así, o art. 45.2 da Directiva autoriza os

Estados membros a precisar, de conformidade co seu Dereito nacional e respectando o Dereito comunitario, as condicións en que poderá ser excluído da participación no contrato o operador económico que se atope en estado de quebra, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acreedores, ou en calquera situación análoga, ou que sexa obxecto dun procedemento conducente á declaración de algunha destas situacións.

Sobre esta formulación, o art. 49.1.b) da LCSP prohibe que contraten, non só coas Administracións Públicas en sentido estrito, senón coa totalidade do Sector Público, os empresarios e as empresas que solicitaran a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, áchense declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme á LC, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. Iso permite concluír que, para o Lexislador, as situacións de crise empresarial, aínda nas súas fases iniciais -o precepto inclúe os supostos en que se solicitou a declaración de concurso sen esixir concurso declarado- poñen en tea de xuízo a aptitude do contratista para executar o obxecto do contrato satisfactoriamente, de tal sorte que a contratación nestas circunstancias supón un risco que é preciso evitar en aras da salvagarda do interese xeral.

Pero ¿e que acontece cando despois de asinado o contrato o contratista é declarado en concurso? A Administración Pública ten claro que esta situación non é conveniente nin aconsellable, pois así se desprende do art. 206 da LCSP que contempla como

causa de resolución en todos os contratos administrativos a declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento, se ben a resolución só será imperativa, nos supostos de concurso, cando se produza a apertura de fase de liquidación (art. 207.2 de LCSP), o que permite ao órgano de contratación avaliar o risco e a vantaxe que comporta o mantemento do contrato e obrar en consecuencia.

Convén neste punto matizar que o art. 206 da LCSP se incardina no seu Libro IV, aplicable exclusivamente aos contratos administrativos -que só poden selo os celebrados polas Administracións Públicas en sentido estrito- quedando a execución dos contratos celebrados polo resto das entidades do Sector Público, en canto contratos privados, suxeitos ás normas de Dereito privado (art. 20 da LCSP). Iso formula o problema de determinar se as entidades que non ostentan a condición de Administración Pública, ás que si se lles aplica a prohibición de contratar do art. 49.1.b) da LCSP, poden incluír ou non como causa de resolución do contrato a declaración de concurso do contratista, pois en principio hai que entender que quedan suxeitas á previsión contida no art. 61.3 da LC.

Aínda cando resulta en certo modo cuestionable a distinción, pois na miña opinión é difícil adiviñar cá é a razón que



## “O CONCURSO DE ACREEDORES COMO CAUSA DE RESOLUCIÓN NOS CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS” (Cont.)

permite considerar que entraña un risco para o tráfico xurídico-administrativo que subsista o contrato cunha Administración Pública territorial e esta circunstancia non concorre cando o contrato o celebrou unha Entidade Pública Empresarial ou unha Sociedade de capital público, o certo é que o carácter de norma imperativa de xeneral aplicación do art. 61.3 da LC, e a restrición da previsión do art. 206 da LCSP -enmarcado, por outra parte na regulación da resolución contractual como prerrogativa da Administración na contratación administrativa- deixan lugar a poucas dúbidas sobre a imposibilidade de admitir a validez da cláusula de resolución para o caso de concurso do contratista nos contratos que celebren as entidades do Sector Público que non son Administración Pública.

Podería formularse se estas entidades poden promover en caso de declaración de concurso a resolución contractual por perda sobrevida dos requisitos para contratar co Sector Público, sempre e cando se inclúa a

devandita causa de resolución no prego, como no caso contemplado na STS do 4 de outubro de 2005, pois o Tribunal Supremo interpretou esa cláusula entendendo que o concepto de requisitos para contratar», comprende tanto as esixencias de capacidade do contratista como non estar incurso en causa de prohibición de contratar, de maneira que tanto a perda sobrevida da capacidade como o feito de incorrer con posterioridade á adxudicación en causa de prohibición, quedaría configurada no contrato como causa de resolución.


Entendo que esta interpretación non resulta posible, pois con ela estaríase a tolerar e dando carta de natureza a unha clara fraude de Lei proscrita polo art. 6 do Código Civil, pois como se vén expoñendo o art. 61.3 da LC prohíbe a cláusula de resolución pola mera declaración de concurso e é excepcional a posibilidade de incluíla nos contratos administrativos. É dicir, as entidades do Sector Público que

non son Administración Pública poderán resolver o contrato cando o contratista incorra en calquera das prohibicións de contratar enumeradas no art. 49.1 da LCSP, salvo a do seu apartado b), ao non resultar admisible que por esta vía burlar a indeclinable aplicación do art. 61 da LC.

A ABOGADA DO  
ESTADO,

María Guinot Barona

Extracto do artigo publicado no Diario LA LEY, nº 7080, Sección Tribuna, de 19/12/08



## BOLETÍNS E DIARIOS OFICIAIS

DIARIO OFICIAL DE GALICIA nº.224 de 18 de novembro de 2008

### Disp. Adicional 2ª da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia:

“Contratación pública.

Nos pregos de condicións administrativas dos contratos administrativos que realicen a Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades de dereito público vinculadas a esta, detallarase a parte do orzamento de licitación que se deberá destinar para sufragar os custos da correcta xestión dos residuos xerados na súa execución.”

[http://www.xunta.es/dog/dog.nsf/e6973315e9f833c9c125717600543020/94fc34108adda275c1257504004f465c/\\$FILE/22400D001P007.PDF](http://www.xunta.es/dog/dog.nsf/e6973315e9f833c9c125717600543020/94fc34108adda275c1257504004f465c/$FILE/22400D001P007.PDF)

DIARIO OFICIAL  
de GALICIA

**OUTROS DIARIOS  
E BOLETINS  
OFICIAIS**
**DIARIO OFICIAL DE EXTREMADURA:**

CORRECCIÓN de erros á Resolución do 28 de abril de 2008, do Conselleiro, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Goberno da Junta de Extremadura polo que se aproban os criterios de homoxeneización dos modelos tipo de Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares para os contratos de Obras, Servizos e Subministración.

<http://doe.juntaex.es/pdfs/doe/2008/23600/08063691.pdf>

**BOLETIN OFICIAL DE ISLAS BALEARES:**

Resolución do Interventor Xeral da Comunidade Autónoma das Illes Balears relativa ao representante da Intervención Xeral nas mesas de contratación a que se refire o apartado 3 de artigo 295 de Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos de sector público

<http://boib.caib.es/pdf/2008155/mp18.pdf>

Resolución do Interventor Xeral da Comunidade Autónoma das Illes Balears relativa á designación do persoal encargado de intervir a comprobación material das adquisicións, obras, servizos ou subvencións de capital

<http://boib.caib.es/pdf/2008155/mp18.pdf>

**BOLETIN OFICIAL DE ARAGÓN:**

Lei 6/2008, de 19 de decembro, de modificación da Lei 6/2001, de 17 de maio, de Ordenación e Participación na Xestión da Auga en Aragón, no que se refire á consideración do Instituto Aragonés de Auga como Administración Pública aos efectos da aplicación da normativa sobre contratación do sector público

<http://www.boa.aragon.es/cgi-bin/BOAE/BRSCGI?CMD=VEROBJ&MLKOB=319539695151>

## INFORMES DOUTROS ÓRGANOS CONSULTIVOS

### ARAGÓN:

Informe 22/2008: "Proxecto de Decreto do Goberno de Aragón, polo que se distribúen competencias en materia de contratación centralizada no ámbito da Comunidade Autónoma de Aragón e os seus Organismos Autónomos".

[http://portal.aragon.es/portal/page/portal/JUNTA/INFORMES\\_ACTUACIONES/INFORMES2/INFORMES\\_2008/INFORME%2022-2008%20DECRETO%20CONTRATACION%20CENTRALIZADA.pdf](http://portal.aragon.es/portal/page/portal/JUNTA/INFORMES_ACTUACIONES/INFORMES2/INFORMES_2008/INFORME%2022-2008%20DECRETO%20CONTRATACION%20CENTRALIZADA.pdf)

Informe 23/2008: "Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares aplicables aos contratos administrativos de obras, servizos e subministracións adxudicados mediante procedemento negociado sen publicidade pola Universidade de Zaragoza"

[http://portal.aragon.es/portal/page/portal/JUNTA/INFORMES\\_ACTUACIONES/INFORMES2/INFORMES\\_2008/INFORME%2023-2008%20PLIEGOS%20NSP%20UNIVERSIDAD.pdf](http://portal.aragon.es/portal/page/portal/JUNTA/INFORMES_ACTUACIONES/INFORMES2/INFORMES_2008/INFORME%2023-2008%20PLIEGOS%20NSP%20UNIVERSIDAD.pdf)

Informe 24/2008: Natureza xurídica do Instituto Aragonés do Auga aos

efectos de aplicación da LCSP

[http://portal.aragon.es/portal/page/portal/JUNTA/INFORMES\\_ACTUACIONES/INFORMES2/INFORMES\\_2008/INFORME24\\_08.pdf](http://portal.aragon.es/portal/page/portal/JUNTA/INFORMES_ACTUACIONES/INFORMES2/INFORMES_2008/INFORME24_08.pdf)

Informe 25/2008: PCAP do contrato administrativo especial de coubicación de equipamentos de telecomunicacións para a prestación de servizos de telecomunicacións.

[http://portal.aragon.es/portal/page/portal/JUNTA/INFORMES\\_ACTUACIONES/INFORMES2/INFORMES\\_2008/INFORME25\\_08.pdf](http://portal.aragon.es/portal/page/portal/JUNTA/INFORMES_ACTUACIONES/INFORMES2/INFORMES_2008/INFORME25_08.pdf)

Informe 26/2008: Necesidade de recoñecemento expreso como medio propio, a teor do artigo 24.6 LCSP, da Corporación Aragonesa de Radio e Televisión para levar a cabo a actividade de xestión do servizo público que lle é propia.

Compatibilidade da regulación dos encargos a medios propios da LCSP coa normativa autonómica relativa aos encargos de execución a empresas públicas.

[http://portal.aragon.es/portal/page/portal/JUNTA/INFORMES\\_ACTUACIONES/INFORMES2/INFORMES\\_2008/INFORME26\\_08.pdf](http://portal.aragon.es/portal/page/portal/JUNTA/INFORMES_ACTUACIONES/INFORMES2/INFORMES_2008/INFORME26_08.pdf)


### CATALUÑA

Informe 8/2008, de 27 de novembro, CP: Contrato de obras. Aplicación do porcentaxe do 10 por 100 do prezo primitivo do contrato en razón de variación de unidades de obra realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto.

[http://www10.gencat.net/ecofin\\_jcc/a/idr/docs/2008-08-CP-cast.pdf](http://www10.gencat.net/ecofin_jcc/a/idr/docs/2008-08-CP-cast.pdf)

Informe 9/2008, de 27 de novembro, CP: Acreditación da solvencia e clasificación dunha cooperativa a partir dos medios técnicos doutras cooperativas pertencentes ao mesmo grupo cooperativo.

[http://www10.gencat.net/ecofin\\_jcc/a/idr/docs/2008-09-CP-cast.pdf](http://www10.gencat.net/ecofin_jcc/a/idr/docs/2008-09-CP-cast.pdf)





**DIRECCIÓN:**  
Edificio Administrativo San  
Caetano, bloque 3  
15781 Santiago de  
Compostela

**TELÉFONO:**  
(981) 544947

**FAX:**  
(881) 999555

**CORREO ELECTRÓNICO**  
XCCAGalicia@xuntaeco.org

**WEB:**  
[www.economiaefacenda.org](http://www.economiaefacenda.org)



**SUXERENCIAS E COLABORACIÓN**

As persoas interesadas en publicar neste boletín artigos relacionados coa materia de contratación pública ou comunicar algunha suxestión sobre contidos poden facelo a través do correo

[XCCAGalicia@xuntaeco.org](mailto:XCCAGalicia@xuntaeco.org)

(edición pechada o 26/12/08)

Informe 10/2008, de 27 de novembro, CP: Réxime de contratación das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Cataluña e do "Consejo General de las Cámaras Oficiales de Comercio, Industria y Navegación de Cataluña"  
[http://www10.gencat.net/ecofin\\_jcca/dr/docs/2008-10-CP-cast.pdf](http://www10.gencat.net/ecofin_jcca/dr/docs/2008-10-CP-cast.pdf)

Informe 11/2008, de 27 de novembro, CP: Contrato de xestión de servizo público. Posibilidade de que un organismo, entidade ou ente que non teña a consideración de Administración Pública poida licitar e adjudicar este tipo de contrato ou ben prestar directamente o servizo.  
[http://www10.gencat.net/ecofin\\_jcca/dr/docs/2008-11-CP-cast.pdf](http://www10.gencat.net/ecofin_jcca/dr/docs/2008-11-CP-cast.pdf)

**BALEARES (en catalán)**

Informe 2/08: Cualificación dun contrato para a xestión dun teatro municipal  
<http://jcca.caib.es/sacmicrofront/archivo/pub.do?ctrl=MCRST180ZI41868&id=41868>

**COMUNIDADE VALENCIANA**

Informe 3/2008: Competencia para a adjudicación polos alcaldes e presidentes das entidades locais de concesións sobre os bens das mesmas á entrada en vigor da Lei de Contratos do Sector Público. Regras para a determinación do valor da concesión. Exclusión do ámbito de aplicación da Lei de contratos  
[http://www.gva.es/c\\_economia/web/junta/informe3-2008.pdf](http://www.gva.es/c_economia/web/junta/informe3-2008.pdf)

Informe 4/2008: Resolución de contrato por solicitude de concurso da Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, presentada con posterioridade á formalización do contrato. Declaración de concurso e declaración de insolvencia como causas de resolución dos contratos. Efectos.

[http://www.gva.es/c\\_economia/web/junta/informe4-2008.pdf](http://www.gva.es/c_economia/web/junta/informe4-2008.pdf)

Informe 5/2008: Contratos de xestión integral de centros de reeducación de menores de titularidade pública. Tipo de contrato. Posibilidade de subscribir convenios de colaboración. Posibilidade de clasificación de entidades sen fin de lucro.  
[http://www.gva.es/c\\_economia/web/junta/informe5-2008.pdf](http://www.gva.es/c_economia/web/junta/informe5-2008.pdf)

Informe 6/2008: Posibilidade de ofertar 0 € nun contrato sobre a base da retribución pola explotación dun servizo que non é obxecto da licitación. Servizo de recollida de cadáveres en supostos de morte violenta o sospeitosa de criminalidade por orden xudicial.  
[http://www.gva.es/c\\_economia/web/junta/informe6-2008.pdf](http://www.gva.es/c_economia/web/junta/informe6-2008.pdf)

**ANDALUCIA**

Informe 2/2008, de 27 de novembro, sobre diversas cuestión relativas ás encomendas de xestión ou de execución.  
[http://www.juntadeandalucia.es/economia/hacienda/web/contratacion/c\\_consultiva/informes/informe-2-2008.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/economia/hacienda/web/contratacion/c_consultiva/informes/informe-2-2008.pdf)

Informe 18/2008, de 27 de novembro, sobre diversas cuestións relativas ao concepto de financiación maioritaria.  
[http://www.juntadeandalucia.es/economia/hacienda/web/contratacion/c\\_consultiva/informes/informe-18-2008.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/economia/hacienda/web/contratacion/c_consultiva/informes/informe-18-2008.pdf)

Informe 20/2008, de 27 de novembro, sobre exclusión do licitador por incorrecta inclusión da documentación nos sobres  
[http://www.juntadeandalucia.es/economia/hacienda/web/contratacion/c\\_consultiva/informes/informe-20-2008.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/economia/hacienda/web/contratacion/c_consultiva/informes/informe-20-2008.pdf)

Informe 21/2008, de 27 de novembro, sobre a lexislación aplicable a las encomendas que la Universidade de Huelva realice a la Corporación de la Universidade de Huelva, S.A.U.  
[http://www.juntadeandalucia.es/economia/hacienda/web/contratacion/c\\_consultiva/informes/informe-21-2008.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/economia/hacienda/web/contratacion/c_consultiva/informes/informe-21-2008.pdf)